

## Guía de procedimientos e servizos

### MR605A - Accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor medioambiental dos ecosistemas forestais.

#### Forma presentación

Tramitación en liña

Presencial

#### Datos solicitude

Prazo de presentación: 13/01/2017 - 16/03/2017.

*O prazo de presentación de solicitudes será corenta e cinco días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde.*

Prazo de resolución: Cinco meses

Sentido do silencio administrativo: Negativo

#### Documentación

- Solicitude segundo o Anexo I, acompañada da seguinte documentación:
- Documentación xeral:
  - Acreditación da representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna.
    - Poder notarial.
  - Representación legal (persoas físicas).
    - Autorización asinada.
  - Representación legal (persoas xurídicas).
    - Copia de escrituras ou poderes onde se acredite a representación legal.
- Para todo tipo de solicitantes.
  - Para propietarios/as particulares, sociedade ou agrupación de propietarios/as particulares, de cooperativa agrícola, de pro indiviso (copropietarios/as), de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo ou de comunidade de bens.
    - Parcelas dadas de alta no Rexistro da Propiedade.
    - Anexo VII Datos de titularidade no Sixpac.
    - Proxecto asinado por enxeñeiro/a de montes ou equivalente ou enxeñeiro/a técnico/a forestal ou equivalente e unha copia agás solicitudes de propietarios/as particulares cunha superficie de actuación inferior a 10 hectáreas.
    - Copia de documento que acredite a propiedade dos terreos ou copia do contrato de arrendamento ou de xestión cunha duración equivalente, alomenos, ao período de compromiso da axuda.
    - Copia de adhesión aos modelos silvícolas, no caso de que non fose presentada con anterioridade.
    - Un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores.

- Documentación específica:
  - 1. Para agrupacións de propietarios/as particulares formalmente constituídas que deberán estar inscritas no Rexistro Xeral de Asociacións da Xunta de Galicia na data de remate do prazo de solicitude da axuda.
    - Anexo II Acordo de cesión, debidamente asinado por todos e cada un dos componentes.
  - 2. Para os pro indivisos, os de varas, abertais, de voces, de vocerío, de fabeo e as comunidades de bens.
    - Anexo III Acordo de compromisos e obrigas.
  - 3. Para propietarios/as particulares de modo individual con superficie de actuación inferior a 10 hectáreas.
    - Anexo V Documento descriptivo das actuacións.
- Documentación complementaria:
  - 1. Para CMVMC:
    - Certificado do acordo tomado en asemblea xeral, asinado polo/a secretario/a conforme autorizan ao/á presidente/a da CMVMC para pedir axudas á Consellería do Medio Rural para a execución das accións obxecto da solicitude.
  - 2. Para cooperativas agrícolas ou outras entidades xurídicas.
    - Copia dos estatutos ou escrituras de constitución
    - Anexo VI Certificado do acordo de solicitude de subvención, debidamente asinado.
  - 3. Para entidades locais.
    - Certificado do/da secretario/a municipal conforme foi informada a comisión de goberno da solicitude de axuda.
- Outra documentación:
  - Para propietarios/as particulares, sociedade ou agrupación de propietarios/as particulares, de cooperativa agrícola, de pro indiviso (copropietarios/as), de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo ou de comunidades de bens.
    - Copia de documento que acredite as parcelas dadas de alta no Rexistro da Propiedade
- Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo e achegar os ditos documentos.
  - DNI, NIE ou NIF da persoa solicitante.
  - DNI o NIE da persoa representante.
  - Estar ao día das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
  - Estar ao día de pagamento coa Seguridade Social.
  - Estar ao día de pagamento coa Consellería de Facenda.
- As solicitudes deberán presentar preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas e as súas persoas representantes.

Para a presentación das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Para aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

- A documentación complementaria presentárase por vía electrónica por aquelas persoas obrigadas a ela. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A documentación complementaria, e só para o caso daquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, tamén poderá presentarse por vía electrónica ou en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberáse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se dispón del.

- A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Estes modelos presentáranse preferentemente por medios electrónicos accedendo á Carpeta do cidadán da

persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán presentalos presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### **A onde acudir**

Se ten algunha dúbida técnica pode poñerse en contacto co servizo de atención cidadá no teléfono 012 ou enviando un correo a [012@xunta.gal](mailto:012@xunta.gal)

---

#### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

##### **DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E PRODUCCIÓN FORESTAL**

##### **SUBDIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS FORESTAIS**

Avda. San Lázaro, s/n  
15703  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono: 981546112 / 981546128 Fax: 981546101  
Email: [mediorural.recursosforestais@xunta.gal](mailto:mediorural.recursosforestais@xunta.gal)

---

#### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

##### **XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA**

SERVIZO DE MONTES  
R/ Vicente Ferrer, 2  
15008  
A CORUÑA  
Teléfono: 981184575 Fax: 981184672

---

#### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

##### **XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO**

SERVIZO DE MONTES  
Ronda da Muralla, 70  
27071  
LUGO  
Teléfono: 982294531 Fax: 982294874

---

#### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

##### **XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE**

SERVIZO DE MONTES  
Avda. da Habana, 79-3º  
32004

OURENSE

Teléfono: 988386695 Fax: 988386697

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

### XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

SERVIZO DE MONTES

R/ Fernández Ladreda, 43-2º

36003

PONTEVEDRA

Teléfono: 986805411 Fax: 986805478

#### Obxecto

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases que regulan as axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, en réxime de concorrencia competitiva, a través de dúas liñas de axuda.
2. As dúas liñas de axuda obxecto de subvención, que se corresponden co procedemento MR605A, son as seguintes:
  - a) Liña I: axudas para realizar tratamentos silvícolas (prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, que permitan crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal e o control selectivo de combustible, como son rozas, desmestas, rareos e podas) coa finalidade de prevención de incendios.
  - b) Liña II: axudas para realizar tratamentos silvícolas (rareos, desmestas, podas, cortas de formación, rozas, etc.) e plantacións puntuais de determinadas árbores, directamente vinculadas ao incremento dos valores ecolóxicos dos bosques que non teñan carácter produtivo.
3. Estas axudas ampáranse nos artigos 21.1.c), 21.1.d), 24 e 25 do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello (DOUE 20.12.2013, L347), e tramítanse ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, aprobado pola Decisión de execución da Comisión do 18 de novembro de 2015.

Unha mesma persoa poderá solicitar unha ou varias liñas de axuda se non coinciden na mesma superficie.

Ámbito de aplicación.

O disposto nesta orde será de aplicación para todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con exclusión:

- a) Dos bosques ou outras superficies forestais que sexan propiedade da Administración central ou autonómica.
- b) Dos bosques e outras superficies forestais propiedade da Coroa.
- c) Dos bosques que pertencen a empresas públicas.
- d) Dos bosques propiedade de persoas xurídicas, cando polo menos o 50 % do seu capital pertenza a algunha das institucións anteriormente citadas.

#### Beneficiarios

Podrán ser beneficiarios das axudas previstas nesta orde as sociedades de fomento forestal (Sofor), os propietarios particulares de forma individual, as asociacións e agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, as cooperativas agrarias, os proindivisos, os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, as comunidades de bens, as entidades locais, outras persoas xurídicas e as comunidades de montes veciñais en man común (en diante CMVMC).

Obrigas.

1. O beneficiario da axuda e o solicitante está obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos de control da Consellería do Medio Rural, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, e as instancias de control comunitarias no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, e a levar un sistema de contabilidade separado, ben un código contable adecuado para todas as transaccións relativas ás axudas solicitadas ao abeiro desta orde, onde se constatará o investimento efectivamente pagado antes do remate do prazo de execución.
2. O beneficiario está obrigado a someterse a calquera actuación que a Administración concedente poida realizar para comprobar a aplicación das axudas á finalidade que determinou a súa concesión, o cumprimento dos requisitos exixidos para a concesión e o pagamento da axuda e o mantemento das condicións establecidas nas bases reguladoras, a convocatoria e a resolución de concesión.
3. No caso de achado casual de obxectos e restos materiais que posúan valores que son propios do patrimonio cultural galego, o descubridor deberá comunicarllo inmediatamente á Consellería de Cultura e Turismo de conformidade coa Lei 8/1995, do 30 de outubro, pola que se regula o patrimonio cultural de Galicia.
4. As actuacións na zona lateral de protección do Camiño de Santiago seranlle comunicadas polo solicitante á Consellería de Cultura e Turismo, co obxecto de contar coa súa autorización previa de conformidade coa Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos Camiños de Santiago.

## Requisitos

- Os beneficiarios serán persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxecto de axuda, entendendo por titulares tanto propietarios como arrendatarios ou xestores. Non se admite a cesión por parte do propietario do terreo a un terceiro.
- Os beneficiarios deben cumprir os requisitos establecidos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- As CMVMC deberán estar legalmente constituídas e regulamentariamente inscritas no Rexistro Provincial de CMVMC, de acordo co disposto no artigo 57 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, para poder acceder a estas subvencións e cumprir co disposto no artigo 125 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, como moi tarde o día en que remate o prazo de solicitude da axuda. Así mesmo, deberán ter presentadas as comunicacións dos ingresos e reinvestimentos no prazo establecido no capítulo III do Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polas CMVMC en actuacións de mellora e protección forestal.
- Non poderán ser beneficiarias aquelas empresas que entren dentro da categoría de empresas en crise, de acordo coa definición do Regulamento (UE) nº 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. Unha empresa está en crise cando concorre polo menos unha das seguintes circunstancias:
  - a) Tratándose dunha sociedade de responsabilidade limitada, cando desaparecese máis da metade do seu capital social subscrito como consecuencia das perdas acumuladas, circunstancia que sucede cando a dedución das perdas acumuladas das reservas (e de todos os demais elementos que se adoitan considerar fondos propios da sociedade) conduce a un importe acumulativo negativo superior á metade do capital social subscrito.

b) Tratándose dunha sociedade na cal polo menos algúns socios teñen unha responsabilidade ilimitada sobre a débeda da sociedade, cando desaparecese polas perdas acumuladas máis da metade dos seus fondos propios que figuran na súa contabilidade.

c) Cando a empresa estea inmersa nun procedemento de quebra ou insolvencia ou reúna os criterios establecidos legalmente para ser sometida a un procedemento de quebra ou insolvencia por pedimento dos seus acredores.

As pemes con menos de tres anos de antigüidade non se considerarán empresa en crise salvo que cumpran a condición establecida na letra c).

Para verificar o cumprimento deste requisito, as empresas solicitantes deberán declarar na solicitude que non se encontran en situación de crise conforme a normativa comunitaria, e comprobarase a veracidade desta declaración nos controis sobre o terreo que se realicen.

- Non poderán ser beneficiarias aquelas empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que teña declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

## **Normativa**

### AUTONÓMICA

Orde do 28 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2017 (DOG nº 8 do 12 de xaneiro de 2017).

## **Normativa**

### COMUNITARIA

Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Acceda a este e a outros procedementos relacionados a través da guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia en <https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos-e-servizos>